

Xavier Limia Gardón

Membro fundador do Grupo Francisco de Moure

A SAGRADA OLIVEIRA DE SAGRA

Presentar a Jesús Manuel García Díaz non é, para o que lles fala, un exercicio retórico, pois achegounos noutrora o sagrado oficio da docencia. Foi alumno do colexio dos irmáns maristas de Ourense, onde o aleccionei algúns dos cursos naquel sistema educativo que dividía entre B.U.P. e C.O.U., sendo no derradeiro ano onde impartindo arte tentei inserir nos meus alumnos o gusto pola beleza e a apreciación polo patrimonio, dende o temario xeral da materia.

I. Procedía de Petín, onde o río do ouro, o Sil, se remansa e fai lanza sonora de luz e auga logo de baixar polas nemorosas terras de Rubiá, Vilamartín e o Barco, xa na terra de Valdeorras, e saudar a Roma na Pontóriga. Por alí pasaron as lexións dos césares latinos, Vía XVIII do Itinerario de Antonino que ía das capitais dos conventos xurídicos do leste e sur, Astorga a Braga, respectivamente, lexións que atravesaron de novo as augas pola ponte da Cigarrosa. Terra de paso, entre o leste do Barco e o N. de Vilamartín e A Rúa, ata o de Larouco, o seu patrón é Santiago, o santo dos camiños con maiúscula. Lugar de grandes festas no verán, coas que se xuntan as de Santa Ana, de mulleres, con outro polo nas de inverno con San Antón en xaneiro, festa de homes. A feira de cada 21 na praza do Dr. Quiroga Suárez, importante médico y político falecido fai pouco, baixo a súa presidencia preautonómica apróbase o Estatuto de Autonomía en 1981. Este é o marco, do noso novo membro de grupo. Coas vides ó fondo, dunha bisbarra pródiga nelas, e etnográficas bodegas soterradas.

Licenciado en vías romanas e medievais, Xesús Manuel, botou a camiñar, logo de nacer un 23 de outubro do día do Señor de 1966, co seu avó cara Ourense primeiro, ata comezos dos anos oitenta dese século, aínda pouco máis que un neno, e cara Madrid despois, xa de adolescente que persegue a súa vocación en pos da Universidade Complutense de Madrid, onde estivo a segunda parte daquela década.

Nos anos 1985 e 1986 fai prácticas en Antena 3 Radio e *La Voz de Galicia*, no Barco, capital comarcal da súa bisbarra natal, para a ser axudante de redacción e nos anos seguintes redactor, para acadar o posto de Delegado daquel diario e Director da emisora en 1993, permanecendo neste destino un trienio. En 1991 vai

á costa do leste de Estados Unidos, no outro lado do océano Atlántico, con unha beca da *United States Information Agency* no curso dun programa de visitas ós principais medios de comunicación. E chega a Ourense en 1996 como redactor do diario, tendo encomendadas dende entón as tarefas nos campos de cultura e educación, principalmente.

En todos estes anos, aínda que xa dende adolescente, estaba dalgunha forma presente e latente, unha forma de ver a arte e o patrimonio cultural, na que se podía advertir algo máis que unhas meras inquedanzas. Así nos seus artigos, ten incidido con especial coidado no campo da conservación patrimonial máis aló do usual na prensa escrita. Consecuencia deso ten sido a realización dun pos grao en interpretación do patrimonio cultural pola *Universitat Oberta de Catalunya* no ano 2004. Por todo elo, a importante asociación *Hispania Nostra*, de ameto estatal, que defende e promove o patrimonio cultural e o seu entorno, ven de concederlle a comezos do pasado ano de 2008 a distinción de «Periodista distinguido». Entre as súas teimas temáticas está a catedral de Ourense, sobre a que ten escrito nun sen número de ocasións, tanto para valorala en itinerarios de visita turística, os achados e descubrimentos ou a súa música, como no que atinxe ós problemas, en relación coas pintadas ou filtracións de auga en teitos e pisos das súas importantes capelas. Mais tamén a Vía Nova romana, o retablo maior de Montederramo, as bóvedas e mobiliario litúrxico en Celanova, As Ermitas en Viana do Bolo, a sobranceira vila de Allariz, ou a fortaleza de Castro Caldelas, entre outras moitas, que teñen merecido a súa análise máis aló da parva noticia, séndolle recoñecida co premio Xosé Aurelio Carracedo 2008, da Deputación de Ourense. Por todo elo está hoxe aquí, por todo elo queremos telo entre nós, por todo elo recibímolos con ledicia, no desexo de sumar no Grupo Francisco de Moure un membro a prol do estudio, valoración, defensa cando foi preciso, e divulgación do patrimonio cultural.

II. Cando sinalamos que o retablo de Sagra é un monumento histórico artístico queremos sinalar que é, ante todo, unha conquista conceptual, exclusiva do mundo contemporáneo. Hai aquí algo máis que un romanticismo, pois se así se fixera se conservaría coas cores que tiña ata agora, sen buscar, como se fixo as orixinarias. Este é o primeiro axioma de Cesari Brandi, quen deixou dito que se restaura só a materia da obra de arte, é dicir, o *restauro crítico*. Manter a función que tiña non era difícil, senón o de chegar ós seus aspectos inalterados -na concepción de Max Dvorák-. Mais os bens culturais son algo ben distinto, pois integra outros elementos de identidade cultural que van máis aló do restrinxido dunha desta obra relixiosa e nobiliaria, a un tempo, erixida por un artista concreto nunha data precisa. Saímos así do concepto de monumento, co xuízo de valor que supón sempre, estético e histórico. Porque conservar tan só o monumento ten xerado importantes eivas polas importantes perdas de patrimonio cultural, dotados de capacidade documental por non consideralos relevantes para historia da cultura. Achegámonos así, nun máis amplo abano, ó concepto de ben cultural. A

el pertencen os bens arqueolóxicos, os artísticos e históricos, os arquivísticos, os das librarías e os bens ambientais, que comprenden pola súa banda os bens paisaxísticos (áreas naturais, ecolóxicas e paisaxes artificiais) e urbanísticos (centros históricos), esquema baseado nos informes dos anos sesenta do pasado século da Comisión Franceschini¹.

Eles son a decantación da cultura dun tempo ou no decurso dos tempos. Exemplo sobranceiro é a Maison Carrée, en Nîmes, edificio relixioso romano, que foi erixido no sur das Galias entre os anos 16 o 12 a. C., nos primeiros tempos do principado de Augusto, sendo dedicado ós seus netos Lucio e Cayo, e que dende aquela afastada data de máis de dous mil anos ten resistido de maneira admirable o paso do tempo. ¿Cómo? Sendo sede do concello, mansión particular, igrexa católica, sala de reunións, almacén e tenda, museo local e, hoxe en día sala de exposicións. Restaurado en 1992, ó ano seguinte o recoñecido arquitecto Norman Foster construíu na praza o *Carré d'Art, un musée d'Art Contemporain* concibido como un *pendat* moderno da Maison Carrée, en harmonía estética con ela. Nos anos 2007 e 2008 unha restauración recupera a súa branca cor². Dende a integración harmónica dun edificio milenario romano ata outro do noso tempo. Este é o paradigma.

Vindo a nosa terra debemos deternos, ante todo, na praza de San Martiño, en Ourense, diante da fachada oeste da catedral. Ten sido algo máis que lixeireza dos poderes públicos municipais que no tocante ó patrimonio (B.I.C. incluído) prediquen unha cousa e fagan outra, co que semellan recoller o peor dunha crítica que se fai secularmente ó clero, e non o bó dos moitos exemplos, como o que nos trae hoxe ata Sagra, no Carballiño, centrado no retablo recuperado polo empuxe dun home sensible ó patrimonio cultural, e ós seus fregueses porque ante todo sae dunha ética e dun compromiso persoal.

Caso bastante oposto é, polo de agora, o da praza do Santo Cristo, en Cea, vila ó norte desta bisbarra, e capital municipal do concello do mesmo nome. No caso anterior é non só o patrimonio cultural, senón tamén o seu entorno. Aquí dende que un sinistro derrubara coa deflagración dunhas bombas de palenque a sacristía, estando a piques de matar ó cura, a céntrica capela da vila, de dous séculos de existencia, quedou parcialmente afectada na súa estrutura, sendo a impericia dolosa duns operarios municipais que manipulaban maquinaria provincial, sen supervisión dos técnicos de patrimonio, nin eclesiásticos, e deu no chan coa capela, ata que foi demolida na fase final do goberno da Xunta anterior ó bipartito, remodelando o espazo sen o necesario asesoramento de patrimonio, e colocando no seu lugar unha escultura de parcial relación evocadora. Perdeuse a igrexa. O altar neogótico de madeira -con pan de ouro enviado polos veciños que vivían na emigración en Arxentina-, aínda segue desmontado.

III. Mais veñamos a Sagra, onde estamos, na igrexa parroquial de San Martiño, diante deste retablo de 1660, construída polos seus señores, naquela hora, os Marqueses de Camarasa -que vivían na Corte-, a través dos seus admi-

nistradores os Sarmiento, Condes de Ribadavia, igrexa que substituíu á anterior en O Bouteiro, obra con elementos medievais da época do estilo románico.

É a arte, patrimonio de primeiro orde. Mais tamén a paisaxe, e os cultivos históricos. Os antropólogos ensinan como unha civilización se pode estruturar en torno a un produto da terra que, dende a súa importancia, se converte no símbolo dela. Así en Delfos, as oliveiras sagradas de Apolo, deus grego da luz³. Aquí, nestas terras, tamén as houbo en tempos pasados, da súa importancia non convén facer oposición, por unxir enfermos, e no cristianismo mesturado con bálsamos se denomina crisma. Mesías, no propio linguaxe bíblico quere dicir «aquele que ten sido unxido», isto é, consagrado. Por non falar dos seus usos culinarios e salutíferos. Todo elo ben a conto de que no monte comunal o concello quere facer neste ano -segundo se ten escrito (LR, 10.01.09)-, unha plantación de oliveiras, co que se pretende recuperar a historia coñecida da Idade Moderna. Pois recuperar unha tradición centenaria mellorará, de seguro a vida.

Como afondar na pintura orixinaria deste bo retablo, e redescubrir as súas cores orixinarias do anónimo mestre que o pintou, e consolidalo na súa estrutura, detendo as agresións de xilófagos, e do tempo por humidades e lixo secular de po ata rescatalo por completo está a ser un feito de orgullo colectivo para Sagra, e dende esta igrexa parroquial para as terras de O Carballiño, e de toda a provincia. Pois a arte, como as oliveiras, é un valor perenne. E a realidade, para o que sabe contemplala, é sempre sagrada. Ou por dicilo coas palabras de Jung, «se invoque ou non, a Divindade está sempre presente». Aquí mora o sagrado hoxe. E para as xentes da parroquia de fai tres séculos, que oraron diante deste retablo que acubilla as tallas escultóricas da fe das súas elites señoriais tamén.

Sagra / O Carballiño, 6 de xuño do 2009

*Recepción de Jesús Manuel García Díaz
como membro do Grupo Francisco de Moure*

NOTAS

- ¹ Cfr. Ignacio González-Varas, Conservación de bienes culturales, Madrid, 1999, passim.
- ² Georges Mathon, Historie et traditions. Gard, Nîmes, Rochefort du Gard, Ardeche, <http://www.nimausensis.com/index.htm>
- ³ O título está inspirado no artigo Antonio Tabucchi, «Los sagrados kiwis de Delfos», *El País*, Madrid, 29.08.2000, en que o escritor italiano facía unha reflexión sobre o patrimonio, dende o vexetal das oliveiras milenarias, que rodean o santuario de Delfos, símbolo para a cultura occidental europea máis aló da súa utilidade práctica polos seus froitos ou madeira, ante a súa posible desaparición á luz dunha directiva da U.E.